

THE QUIET GIRL

Colm Bairéad, 2022

1070

ESTREA EN NUMAX: 24.02.2023 | V.O.S.E. | 95 min

Na Irlanda rural de 1981, Cáit, unha nena de nove anos, vive retraída entre a súa familia numerosa e hostil. Os seus pais envían a pasar o verán na casa duns parentes máis adineirados, onde o misterioso silencio de Cáit atopará a calor dun fogar e idílicas paisaxes. Alí, a pequena farase eco do secreto que a familia adoptiva cala.

«Un apracible poema sobre a dor, a tristeza e a aprendizaxe para atopar a túa voz»

John Nugent, EMPIRE



Entrevista con Colm Bairéad: «Trata sobre as relacións da infancia, que nos forman, forxan e sosteñen»

Por Teresa Vena

Como descubriches o relato de Claire Keegan? Foi no 2018, mentres buscaba material para un filme. Posteriormente, vin un artigo en *The Irish Times* que mencionaba as dez mellores obras irlandesas escritas por mulleres. O relato “Foster”, de Claire Keegan, era unha delas. Lino e conmoveume moito. Mentres o lía, comezou a converterse nun filme na miña cabeza. Gustoume a natureza distante pero compasiva do texto, e conectei de verdade coa protagonista. Como se publicara no 2010, preocupábame que os dereitos non estivesen dispoñibles. Por iso me alegrei cando descubrín que non era así.

Cales foron os maiores desafíos á hora de adaptar a historia para un filme? A historia é bastante curta e lixeira. Basicamente, non hai unha trama. Así que inventei outro capítulo para a historia, concretamente o primeiro capítulo do filme. Creino baseándome nos recordos da protagonista que se mencionan no libro. Porén, o máis importante era centrarse na atmosfera e no punto de vista en primeira persoa. Para min era crucial encontrar unha forma de incorporar este punto de vista. Para potenciar isto, decidín que a cámara non deixase nunca a protagonista. Tamén quería mostrar que, aínda que observar un momento concreto na vida destes personaxes pode parecer trivial, se o examinamos de preto podemos extraer algo fermoso.

Cales eran os aspectos máis importantes que querías transmitir? É unha historia sobre o amor. Trata sobre as relacións da infancia, que nos forman, forxan e sosteñen. O tema do sustento é moi importante. Trátase do crecemento físico e emocional. Neste contexto, quería centrarme na comida, convertela nun elemento chave que servise como metáfora dese crecemento. Cando a rapaza chega á familia de acollida, de súpeto ten moita comida, a diferenza de na súa casa. Ademais “foster” en irlandés significa “alimento, nutrición”. Hai unha verdade triste na obra: non sempre encontras a felicidade coa túa familia biolóxica.

Levaches a cabo algún traballo de investigación específico para o filme? Como a historia está ambientada en 1981, quixemos incluír o fondo histórico. Nun principio filmamos unha escena directamente relacionada con esta época e coa folga de fame deses anos. Ao final, deixámolo de forma implícita. Levamos a cabo investigacións sobre vestuario e localizacións. Ademais, cando se trata de maltrato infantil, Irlanda ten unha historia vergoñenta ao respecto, da que hai moitos rexistros. Normalmente, está relacionado con orfos ou crianzas que se consideraban difíciles. A maior parte sucedeu coa autorización do estado e da Igrexa. Queríamos que o filme fose unha obra empática con estes nenos.

Por que é importante para ti filmar en irlandés? Eu crieime en Dublín, nunha familia bilingüe de fala inglesa e irlandesa. A miña esposa mais eu tamén estamos criando os nosos fillos de forma bilingüe. O idioma irlandés é moi importante para min. É un idioma falado por unha minoría, nas zonas rurais de Irlanda. Non obstante, nos últimos anos houbo algúns intentos de reivindicalo. Algunhas escolas volven ensinalo. Cabe destacar que nos últimos dous ou tres anos, o número de filmes rodados en irlandés duplicouse, mentres que antes eu era unha das poucas persoas que o facía.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Tres luces,
Claire Keegan.
Eterna cadencia, 2011

*Cosas pequenas
como esas,*
Claire Keegan.
Eterna cadencia, 2022

Antártida,
Claire Keegan.
Eterna cadencia, 2009